



Teléf.: 981 714 000  
Fax: 981 715 028  
sede.ponteceso.gal  
www.ponteceso.gal  
CIF: P1506900H  
REL:01150682  
RELG:MU2000/15

CONCELLO DE PONTECESO  
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

## ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CELEBRADA O DÍA 17-10-2022

No salón de Plenos da Casa do Concello de Ponteceso (A Coruña) ás 11:25 horas do día 17 de outubro de 2022, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde D. Xosé Lois García Carballido, reúnese, en primeira convocatoria, a Xunta de Goberno Local co obxecto de celebrar a sesión ordinaria convocada en legal forma para o día da data.

### ASISTENTES:

#### SR. ALCALDE-PRESIDENTE

D. XOSÉ LOIS GARCÍA CARBALLIDO (asistencia telemática)

#### SRES. CONCELLEIROS/AS PRESENTES.-

D<sup>a</sup>. NOELIA MARÍA VARELA SUÁREZ (asistencia telemática)

D<sup>a</sup>. MARÍA TERESA CHOUCIÑO CALVETE (asistencia telemática)

**SECRETARIA EN RÉXIME DE ACUMULACIÓN DE FUNCIONS:** D<sup>a</sup>. MARÍA CRISTINA VARELA GARCÍA (asistencia telemática)

**INTERVENTORA:** D<sup>a</sup>. LUCÍA MATA RODRÍGUEZ (asistencia telemática)

A presidencia, tras comprobar que se cumpre o quórum legalmente exixido polo artigo 113.1.c) do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, declara aberta a sesión, e procédese a tratar os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria e que se indican a continuación:

### 1.- Lectura e aprobación, se procede, do borrador das actas das sesións anteriores. Acta da sesión ordinaria celebrada o 03-10-2022

Pola presidencia pregúntase aos asistentes se hai algunha observación.

Ao non formularse ningunha, enténdese aprobada por unanimidade.

### 2.- Contratacións

#### 2.1. Aprobación do expediente de contratación da obra “NOVO COLECTOR DE INTERCEPCIÓN DA REDE DE PLUVIAIS DE PONTECESO E MELLORA DA DRENAXE DO XUNCAL” – POS+ COMPLEMENTARIO 2022. EXPTE. 2022/C003/000003.

Dase conta da proposta da Alcaldía de data 15-10-2022, que se transcribe literalmente:

#### “PROPOSTA DA ALCALDÍA

**APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBRA “NOVO COLECTOR DE INTERCEPCIÓN DA REDE DE PLUVIAIS DE PONTECESO E MELLORA DA DRENAXE DO XUNCAL” – POS+ COMPLEMENTARIO 2022. EXPTE. 2022/C003/000003.**

Logo de ver o expediente administrativo para levar a cabo a tramitación do contrato administrativo de obras de **“NOVO COLECTOR DE INTERCEPCIÓN DA REDE DE PLUVIAIS DE PONTECESO E MELLORA DA DRENAXE DO XUNCAL”** cun valor estimado de 193.299,94 euros, IVE 40.592,99 euros, totalizando un orzamento base de licitación de 233.892,93 euros, e segundo o proxecto redactado polo enxeñeiro de camiños, canles e portos D. Pablo Blanco Ferreiro, colexiado núm. 22992.

Logo de ver o disposto no artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público -LCSP 2017-, en relación co artigo 116 do citado texto legal, esta Alcaldía entende necesario proceder á execución das obras **“NOVO COLECTOR DE INTERCEPCIÓN DA REDE DE PLUVIAIS DE PONTECESO E MELLORA DA DRENAXE DO XUNCAL”**, actuación incardinable nun contrato administrativo de obras, segundo o previsto no artigo 13, en relación co Anexo I da devandita norma.

Logo de ver o disposto no art. 231 LCSP 2017, o cal establece que *“la adjudicación de un contrato de obras requerirá la previa elaboración, supervisión, aprobación y replanteo del correspondiente proyecto que definirá con precisión el objeto del contrato. La aprobación del proyecto corresponderá al órgano de contratación salvo que tal competencia esté específicamente atribuida a otro órgano por una norma jurídica”*, o proxecto redactado incorpora todos os requisitos esixidos, definindo con precisión o obxecto do contrato. Cóntase con tódalas autorizacións sectoriais preceptivas, as cales figuran incorporadas ao expediente. O proxecto aprobouse pola resolución desta alcaldía núm. 339/2022, de data 09-05-2022.

A obra **“NOVO COLECTOR DE INTERCEPCIÓN DA REDE DE PLUVIAIS DE PONTECESO E MELLORA DA DRENAXE DO XUNCAL”**, dacordo co anterior, considérase pola alcaldía incluída dentro das prioridades do Concello de Ponteceso, xa que o estado da rede de saneamento adoce de deficiencias no núcleo urbano de Ponteceso, na zona colindante co Xuncal. Preténdese a mellora da rede de pluviais no núcleo de Ponteceso coa execución dun novo colector de intercepción que recolla parte das augas pluviais que chegan a Ponteceso, evitando así a súa incorporación á rede de saneamento unitaria sita augas abaixo da zona de intervención. Contéplase ademais a reposición das redes afectadas, así como a reposición do pavimento por outro idéntico ao existente previamente. No treito coincidente coa estrada autonómica AC-423, a reposición do firme afectado levarase a cabo en dúas fases: unha primeira, provisional, coa reposición do paquete de firme da estrada afectado pola apertura da gabia e unha segunda fase, tras a posta en servizo da estrada, cun fresado e reposición duns 350 m2 no ámbito de actuación na estrada afectada. Remata a actuación o repintado da sinalización afectada e o acondicionamento do punto de vertido deste novo colector. Coa actuación na drenaxe do Xuncal preténdese a reposición da clapeta, a cal non é operativa ao atoparse en mal estado de conservación, e contéplase a instalación dunha nova comporta en substitución da existente, así como a colocación dun novo colector para a saída de auga neste punto. Para levar a cabo esta substitución será precisa a demolición dos muros existentes e o movemento de terras. Previo a estas actuacións levarase a cabo o desvío previo do río para poder traballar en seco e a colocación de barreira de retención de sedimentos que protexa o medio natural. Unha vez colocado o colector de formigón procederase á execución dos dous muros escollera e á instalación da nova comporta. Remata a actuación o recheo de terras, así como o subministro de terra vexetal e sembra para a restitución ao seu estado previo.

A actuación levarase a cabo en terreos de titularidade municipal, sendo un servizo de prestación obrigatoria, polo tanto establécese como un fin institucional propiamente dito, posto que entra dentro das competencias e das obrigas municipais, tendo neste caso o financiamento necesario no Orzamento Municipal de 2020, prorrogado para o actual exercicio, por medio da subvención concedida pola Deputación Provincial no POS + Complementario de 2022, pola totalidade do orzamento de licitación.

Para os efectos previstos no artigo 28.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público - LCSP 2017-, en calidade de órgano de contratación, xustifícase a necesidade de acudir ao contrato administrativo de obras en base á insuficiencia de medios persoais e materiais con que conta o Concello de Ponteceso para poder executar a obra, para a que se conta co financiamento da Deputación da Coruña, incluída no Plan Complementario do POS+2022. Acredítase consignación orzamentaria suficiente na partida orzamentaria 2022. 160.62300, polo importe de 233.892,93 euros, segundo a retención de crédito practicada pola Intervención na data de 30-09-2022.

En cumprimento do disposto na resolución da alcaldía núm. 781/2022 de data 07-10-2022 neste procedemento empregárase o Prego tipo de cláusulas administrativas particulares que haberán de rexeir para contratación mediante o procedemento aberto simplificado, con pluralidade de criterios de adxudicación con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática, das obras comprendidas nos Plans Provinciais e outras obras provinciais, todo ilo consonte ao establecido no artigo 159.1 e seguintes da LCSP. De conformidade coa resolución núm. 172/2022 de 07-03-2022 este proxecto non se dividirá en lotes, ao estar xustificado porque dificultaría a correcta execución do investimento dende o punto de vista técnico, consonte co disposto no artigo 99.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público.

Consta no expediente acta de cesión dos terreos, de data 09-05-2022, asinada pola propietaria. Constan no expediente as autorizacións sectoriais preceptivas para a execución das obras: 1º. Autorización na zona de servidume de tránsito e de protección do dominio público marítimo terrestre, emitida pola Dirección Xeral de Urbanismo. 2º. Autorización en dominio público marítimo terrestre emitida pola Demarcación de Costas do Estado. 3º. Autorización da Axencia Galega de Infraestruturas, por obras no dominio público da estrada AC413. 4º. Declaración responsable presentada perante Augas de Galicia.

Logo de ver o informes técnico que obra no expediente emitido polo Arquitecto Técnico Municipal na data de 07-10-2022, as obras executaríanse afectando só a terreos de titularidade municipal, polo que existe a dispoñibilidade dos terreos necesarios para a súa execución, así como a acta de replanteo posterior á aprobación proxecto, emitida polo técnico municipal na data de 14-10-2022, así como o informe do técnico de Administración Xeral, coordinador xeral, como xefe da dependencia de contratación de data 13-10-2022, e os pregos de cláusulas administrativas particulares empregando os prego tipo aprobados pola Deputación Provincial da Coruña para o procedemento aberto simplificado, previsto no art. 159.1 da LCSP, con pluralidade de criterios de adxudicación.

Logo de ver os informes preceptivos de secretaría e intervención de data 14-10-2022.

A Disposición adicional segunda da LCSP establece que a competencia para contratar será do Alcalde cando o importe do contrato non exceda o 10% dos recursos ordinarios, en caso de que exceda a competencia é do Pleno. O valor estimado do proxecto é de 193.299,94 euros. De conformidade coa resolución de alcaldía pola que se aproba a prórroga orzamentaria do orzamento do exercicio 2020 para o exercicio 2022 os recursos ordinarios ascenden a 4.721.026,17 € (sumatorio das previsións iniciais dos capítulos 1 a 5, ambos inclusive, do orzamento de ingresos), polo que o Alcalde é o órgano competente para a tramitación dos contratos ata o importe de 472.102,62 € e cunha duración (incluídas as prórrogas) de ata 4 anos.

Considerando que a sobredita competencia é atribuída a alcaldía, a cal delegouse na Xunta de Goberno Local pola resolución da alcaldía núm. 374/2019, do 26-06-2019.

Por todo o anterior, no uso das atribucións que me outorga a lexislación vixente elevo a seguinte  
**PROPOSTA DE ACORDO:**

**Primeiro.-** Aprobar o expediente de contratación 2022/C003/000003 da obra denominada “**NOVO COLECTOR DE INTERCEPCIÓN DA REDE DE PLUVIAIS DE PONTECESO E MELLORA DA DRENAXE DO XUNCAL**” cun valor estimado de 193.299,94 euros, IVE 40.592,99 euros, totalizando un orzamento base de licitación de 233.892,93 euros, e segundo o proxecto redactado polo enxeñeiro de camiños, canles e portos D. Pablo Blanco Ferreiro, colexiado núm. e cun prazo de execución de seis meses, así como o Prego de Prescripci3ns T3cnicas incorporado no proxecto e o Prego de Cl3usulas Administrativas Particulares que rexer3n o procedemento aberto simplificado con pluralidade de criterios de adxudicaci3n.

**Segundo.-** Autorizar un gasto por importe de 233.892,93 euros con cargo 3 aplicaci3n orzamentaria 2022. 160.62300 do vixente orzamento de gastos.

**Terceiro.-** Publicar no Perfil do Contratante e Plataforma de Contrataci3n do Sector P3blico (<https://contrataciondelestado.es/wps/portal/plataforma>).

Ponteceso, a 15 de outubro de 2022.

O alcalde

Xos3 Lois Garc3a Carballido”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta, elev3ndoa a acordo nos seus propios termos.

## **2.2. Dar conta da adxudicaci3n do contrato de obras para o proxecto denominado: CAMIÑO DE VILASUSO A BUGALLEIRA E OUTRO (AGADER). Expte. 2022/C003/000002.**

Dase conta do Decreto da Alcald3a 779/2022 de data 07/10/2022, que se transcribe literalmente:

### **“RESOLUCI3N**

**ASUNTO:** RESOLUCI3N DE ADXUDICACI3N DO CONTRATACI3N DE OBRAS PARA O PROXECTO DENOMINADO: CAMIÑO DE VILASUSO A BUGALLEIRA E OUTRO (AGADER)

**EXPEDIENTE:**2022/G003/000814

### **ANTECEDENTES:**

Considerando que, para os efectos previstos no artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector P3blico - LCSP 2017-, esta Alcald3a entendeu necesario que se tramitara un contrato de obras denominado: CAMIÑO DE VILASUSO A BUGALLEIRA E OUTRO (AGADER), segundo o proxecto redactado polo enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, Pablo Blanco Ferreiro, colexiado n3mero 22.992, cun orzamento de execuci3n de 67.668,04 euros, IVE incluído, e cun prazo de execuci3n de 10 semanas, recoll3ndose no correspondente proxecto os pregos de prescripci3ns t3cnicas polos que se rexer3 a licitaci3n, aprobado pola Resoluci3n da Alcald3a n3mero 571/2022, de 8 de agosto, e inicio do expediente de contrataci3n empregando o procedemento aberto simplificado abreviado, consonte 3 artigo 159.6 da LCSP, tramitaci3n ordinaria e licitaci3n electr3nica por medio da Plataforma de Contratos do Sector P3blico, para o cal se empregar3n os pregos de condici3ns administrativas aprobados pola Resoluci3n da Alcald3a n3mero 584/2022, de 11 de agosto.

Considerando que, mediante Resoluci3n da Alcald3a n3mero 571/2022, de 8 de agosto aprobouse o proxecto redactado polo enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, Pablo Blanco Ferreiro,

colexiado número 22.992, o cal contén toda a documentación prevista nos artigos 231 e 233 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público - LCSP 2017.

Visto o informe dos Servizos Técnicos municipais e actas de reformulo previo, para os efectos previstos no artigo 236 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, no que se detallan os aspectos técnicos deste, así como a viabilidade da devandita actuación.

Logo de ver a retención de crédito con cargo á aplicación orzamentaria 1532.22S.619.00, polo importe de 67.668,04 euros, IVE incluído, para o que se conta cunha axuda económica por importe de 55.924,00 euros, procedente da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER), da Consellería de Medio Rural da Xunta de Galicia, sendo a achega municipal de 11.744,04 euros, que totalizan o orzamento de execución por contrata polo importe de 67.668,04 euros.

Vistos os pregos de cláusulas administrativas que rexerán o procedemento de contratación, redactados e asinados polo TAX-coordinador xeral o 10-08-2022 polo procedemento aberto simplificado abreviado, art.159.6 da LCSP. Os pregos e o expediente de contratación foron aprobados por Decreto da Alcaldía 584/2022 de data 11/08/2022.

Logo de ver o expediente de contratación e as actas da Mesa de Contratación, en especial a do día 22/09/2022, na que se acorda requirir ao licitador mellor valorado (MANTIDO, SL) que achegue a documentación indicando os medios materiais e persoais que adicará á execución deste contrato, segundo estipula a cláusula 16 do PACAP, no prazo de sete (7) días hábiles desde o envío da comunicación.

Presentada en tempo e forma a documentación requirida, a Mesa de contratación en sesión do 05-10-2022 acorda declarar correcta a documentación presentada pola empresa e elevar ao órgano de contratación proposta de adxudicación a favor de MANTIDO, SL. con CIF: B15819642 conforme á seguinte oferta:

- Redución do prazo de execución: 42 días naturais (prazo de execución total: 28 días naturais)
- Prezo: 52.876,14 euros e 11.103,99 euros correspondentes ao IVE
- Prazo de garantía: 1 ano.

Tendo en conta o orzamento que presenta GESTECNIC para a realización dos traballos necesarios para o control de calidade externo.

Tendo en conta o orzamento que presenta ADRIÁN CARLOS LAÍÑO GALLEGOS para realizar a coordinación de seguridade e saúde da obra.

Visto o informe de fiscalización previa á adxudicación do expediente emitido pola Intervención deste Concello na data do 06-10-2022.

A competencia municipal en relación co obxecto do contrato ven atribuída polo artigo 25.2, apartados b) e l), da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e pola Resolución núm. 374/2019, de data 26-06-2019, modificada pola Resolución 2383/2020 de 11 de maio, delegáronse as competencias en materia de contratación atribuídas á Alcaldía na Xunta de Goberno Local, se ben a Alcaldía nos supostos de urxencia poderá realizar por ela mesma estas atribucións dando conta á Xunta de Goberno Local na vindeira sesión que se celebre para o seu coñecemento e efectos. Dada a urxencia da súa adxudicación, a cal deberá estar executada e recepcionada antes do 16 de decembro de 2022 para a súa xustificación ante a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER), da Consellería de Medio Rural da Xunta de Galicia, a Alcaldía considera esta da máxima urxencia, e polo tanto cómpre avocar a competencia delegada consonte ao artigo 10 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público.

Por todo o anterior, en virtude das competencias conferidas pola lexislación vixente e, en concreto, en virtude do disposto na Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e tendo en conta a Resolución da Alcaldía núm. 374/2019, de 26 de xuño, modificada pola Resolución núm. 283/2020, de 11 de maio, que delega a adxudicación na Xunta de Goberno Local.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO**:

**Primeiro.-** Avocar a competencia delegada e asumida pola Xunta de Goberno Local, en virtude do artigo 10 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, debido a que urxe a adxudicación deste contrato, o cal deberá estar executado e recepcionado antes do 16 de decembro de 2022 para a súa xustificación ante a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER), da Consellería de Medio Rural da Xunta de Galicia.

**Segundo.-** Excluir da presente licitación á empresa SYR-AMG, SL, por aplicación do artigo 84 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, debido á falta de concordancia entre o prazo de execución inicialmente ofertado na documentación examinada e admitida (9 días naturais) e o que se fai constar na contestación ó requirimento formulado, de conformidade coa sesión da Mesa de Contratación que tivo lugar o 31/08/2022 (29 días naturais).

**Terceiro.-** Excluir da presente licitación á empresa GR CONSTRUCCIONES, OBRAS Y SERVICIOS, S.L, por aplicación do artigo 84 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, debido á falta de concordancia entre o prazo de execución inicialmente ofertado na documentación examinada e admitida (61 días naturais) e o que se fai constar na contestación ó requirimento formulado, de conformidade coa sesión da Mesa de Contratación que tivo lugar o 14/09/2022 (29 días naturais).

**Cuarto.-** Adxudicar o contrato de obras denominado: CAMIÑO DE VILASUSO A BUGALLEIRA E OUTRO (AGADER), expediente 2022/C003/000002, á empresa MANTIDO, SL, polo importe de 52.876,14 € + IVE (11.103,99 €) = 63.980,13 €, un prazo de execución de 28 días naturais, prazo de garantía de 1 ano, e demais condicións da súa oferta, ao ser considerada a de mellor relación calidade-prezo.

**Quinto.-** Dispoñer un gasto por importe de 63.980,13 euros con cargo á aplicación orzamentaria 1532.22S.619.00.

**Sexto.-** Nomear como responsable do contrato ó enxeñeiro de Edificación e arquitecto técnico municipal, Ernesto Fernando Calvo Pérez, colexiado número 1.460.

**Sétimo.-** Nomear como director da obra ó enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, Pablo Blanco Ferreiro, colexiado número 22.992

**Oitavo.-** Nomear como coordinador de seguridade e saúde ó enxeñeiro técnico industrial, Adrián Carlos Laíño Gallegos, colexiado número 2.196 COETICOR.

**Noveno.-** Nomear á empresa GESTECNIC para que realice os traballos necesarios para o control de calidade externo desta obra.

**Décimo.-** Notificar o acordo ao responsable do contrato, director da obra, coordinador de seguridade e saúde, empresa encargada do control de calidade, así como ás empresas licitadoras e ó contratista, comunicándolle ademais que neste caso, pola aplicación do artigo 159.6.g) da

LCSP 2017, a formalización do contrato efectuarase pola sinatura de aceptación do contratista da resolución de adxudicación.

**Décimo primeiro.-** Publicar a adxudicación definitiva no Perfil do Contratante.

**Décimo segundo.-** Comunicar os datos básicos do contrato ao Rexistro de Contratos do Sector Público, de conformidade co disposto no Real decreto lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de contratos do sector público.

**Décimo terceiro.-** Dar conta do presente decreto á Xunta de Goberno Local e ó Pleno Corporativo na primeira sesión ordinaria que se celebre.

Ante min, a secretaria, para os efectos do disposto no artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018

Documento asinado dixitalmente na data e polas persoas que se indican ao marxe.”

A Xunta de Goberno Local dase por enterada.

### **3.- Subvencións**

#### **3.1. Dar conta da solicitude de subvención para entidades locais que contraten axentes de emprego e desenvolvemento local. Expediente: 2022/A003/000028.**

Dase conta do Decreto da Alcaldía 778/2022 de data 07/10/2022, que se transcribe literalmente:

#### **“RESOLUCIÓN**

**ASUNTO:** SOLICITUDE DA SUBVENCIÓN PARA ENTIDADES LOCAIS QUE CONTRATEN AXENTES DE EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL **EXPEDIENTE:** 2022/A003/000028

#### **ANTECEDENTES:**

Orde do 29 de agosto de 2022 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas de cooperación no ámbito de colaboración coas entidades locais para a contratación de axentes de emprego e desenvolvemento local, e procédese á súa convocatoria para o ano 2022 (código de procedemento TR351 B). (DOG núm. 173 de 12 de setembro de 2022).

Providencia de Alcaldía de data 30 de setembro de 2022 de iniciación do expediente.

Memoria-proxecto asinada o 04 de outubro de 2022 pola axente de emprego e desenvolvemento local.

Informe de Intervención emitido con data 04 de outubro do 2022 onde conclúe que *“O Concello de Ponteceso dispón de financiamento suficiente no exercicio 2022 para asumir os custos do proxecto que, no seu caso, lle correspondan. Polo que respecta á existencia de crédito axeitado e suficiente para os custos do proxecto a imputar ao exercicio 2023 esta queda condicionada á efectiva consignación no orzamento correspondente”*

Considerando o disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas; na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións; na Lei 9/2007, de Subvencións de Galicia e demais normativa concordante.

Considerando a atribución concedida ao alcalde polo artigo 21.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases de Réxime Local, e a resolución de Alcaldía núm. 374/2019, do 26/06/2019, de delegación de atribucións na Xunta de Goberno Local.

Considerando o artigo 10 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público sobre avocación de competencias, e tendo en conta que a Xunta de Goberno Local non celebra sesión ordinaria ata o luns 17 de outubro de 2022, procede avocar a competencia para solicitar a presente axuda, pois o prazo remata o 12 de outubro de 2022.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

**PRIMEIRO:** Avocar, de conformidade co artigo 10 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, a competencia delegada na XGL, única e exclusivamente para a solicitude á Consellería do Emprego e Igualdade da subvención para a contratación de axentes de emprego e desenvolvemento local para o exercicio 2022 (código de procedemento TR351B).

**SEGUNDO:** Aprobar a memoria-proxecto asinada o 04 de outubro de 2022 pola axente de emprego e desenvolvemento local .

**TERCEIRO:** Solicitar á Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade a subvención para a contratación de axentes de emprego e desenvolvemento local para o fomento do emprego a través dos programas de cooperación no ámbito de colaboración coas entidades locais, ao abeiro da Orde 29 de agosto de 2022, pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións e se procede á súa convocatoria para o ano 2022, por importe de 11.753,37 €, equivalente ao 25% dos custos salariais totais, incluída a cotización empresarial á Seguridade Social por todos os conceptos, aceptando os termos da convocatoria, as condicións de financiamento e demais requisitos que establece a dita Orde.

**CUARTO:** Facultar ao alcalde, Xosé Lois García Carballido, para as actuacións precisas para a execución da presente solicitude.

**QUINTO:** Remitir en prazo á Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade a documentación esixida nas bases da convocatoria.

**SEXTO:** Dar conta desta Resolución ó Pleno na primeira sesión ordinaria que se celebre.

Documento asinado electronicamente na data sinalada á marxe polo Sr. Alcalde-Presidente, D. Xosé Lois García Carballido, ante min, a secretaria en réxime de acumulación, do que dou fe, aos efectos do disposto no artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018.

O alcalde,

A secretaria en réxime de acumulación

Xosé Lois García Carballido

Cristina Varela García"

A Xunta de Goberno Local dase por enterada.

Non tendo máis asuntos que tratar, a Presidencia remata a sesión ás 11:28 horas do día sinalado no encabezamento, redactándose a presente acta, do que como secretaria dou fe, asinándoa xunto co alcalde.

O alcalde

A secretaria de Xermade en réxime de acumulación de funcións  
no Concello de Ponteceso

Xosé Lois García Carballido

M.<sup>a</sup> Cristina Varela García

Documento asinado electrónicamente á marxe.